



Obxecto:	Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto Sectorial
Proxecto:	Parque Eólico As Encrobas
Concellos:	Cerceda, Carral e Ordes (A Coruña)
Promotor	Naturgy Renovables S.L.U
Remitido:	Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña, Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Clave:	IN408A 2020/93
Expte.:	03.I.550.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3377/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 02.08.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, os documentos: *Estudio de Impacto Ambiental del Parque As Encrobas, en el término municipal de Cerceda e Carral (A Coruña), mayo 2021* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico As Encrobas, mayo 2020, (P.I.A.)*

De acordo co establecido no artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

O 20.01.2022 ten entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se dá traslado da documentación complementaria ao EIA achegada polo promotor e facilítase a ligazón para descargar o documento titulado "*Infografías parque eólico As Encrobas: Pazo Vilasuso e Pazo Esperante*".

ANTECEDENTES E FEITOS:

O 18.11.2019 a directora xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar ao arqueólogo Cristobal Nodar Nodar, de a empresa ZETA Arqueoloxía, a intervención *Prospección arqueolóxica para Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico As Encrobas, (Cerceda e Carral, A Coruña)* (CT102 2019/763-0).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 01.12.2020)*
- *Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do Territorio de Galicia.*

A vista da documentación remitida, e en relación ao Patrimonio Cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Estudo de Impacto Ambiental

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do PE As Encrobas de 20,0 MW de potencia total, que constará de 4 aerogeneradores modelo GAMESA SG145 de 5,00 MW de potencia





nominal, 127,5 m de altura de buxe e 145 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: apertura, preparación e acondicionamento dos camiños de acceso aos aeroxeradores, cimentación para os aeroxeradores e a torre de medición, centro de seccionamento e edificio de control, plataformas de montaxe, gabias da instalación eléctrica, zona de acopio de materiais e maquinaria e zona de acopio temporal de terras.

Parte da poligonal está fóra da ADE de Pedrouzos e Ordes, a superficie que se estende fóra das ADEs, están dentro da envolvente formada pola franxa paralela de 500 m as ADEs, aínda que todos os aeroxeradores atópanse dentro.

- O Parque Eólico As Encrobas evacuará a súa enerxía ata o centro de seccionamento, desde onde se conectará por liña de evacuación soterrada á SET de Meirama, a lonxitude total da gabia e de 3.458 m.
- Das alternativas analizadas (1 e 2) a elixida é a 2 que se considera a máis favorable dende o punto de vista ambiental. Os elementos patrimoniais, arqueolóxicos e etnográficos tivéronse en conta, completándose cunha prospección arqueolóxica.
- Os accesos ao PE realizarase dende a N-550 por viarios municipais e a CP-2104. O acceso principal será dende o N ata os aeroxeradores EN-01, EN-02 e EN-03, ao EN-4 accedese por un viario interior do parque.
- No apartado da memoria 3.- *Inventario ambiental*, subapartado 3.11.6.- *Patrimonio Cultural y arqueológico* enuméranse algúns elementos do patrimonio cultural máis próximos, cítase o Camiño de Santiago Inglés a 2,8 km do aeroxerador máis próximo EN-02 e remite ao Anexo 11 *Estudio de impacto sobre el patrimonio cultural*.
- No apartado 4.- *Identificación, descripción y evaluación dos impactos*, subapartado 4.1.- *Identificación e descripción dos impactos*, analízase os factores ambientais que poderán verse afectados, consideran que un deles é o Patrimonio Cultural. No cadro recollido neste apartado sinalan os traballos que afectaran a elementos do patrimonio arqueolóxico: apertura de viarios acondicionamento dos xa existentes, ocupación de terreos para plataformas, almacenamento, casetas, maquinaria, escavación de cimentacións, apertura de gabias para cableado, montaxe dos aeroxeradores, liña de interconexión, construción de torres meteorolóxicas (non se recolle o almacenamento de materiais e de residuos)
No subapartado 4.2.- *Determinación de los impactos significativos*, no subapartado J.- *Patrimonio Cultural y arqueológico*, e no apartado 6.- *Programa de Vigilancia Ambiental*, remite ao Anexo 11.
No apartado *Conclusiones*, tras analizar todos os posibles impactos, considerase o impacto global das obras como compatible.
- O Anexo 4 *Estudio de impacto e integración paisajística* contén no seu apartado 7 unhas infografías simulando os aeroxeradores xa instalados dende dous puntos do Camiño de Santiago (un deles paralelo á estrada AC-542 e outro paralelo á estrada CP-0103) e dende a igrexa das Encrobas.
- No Anexo 11 preséntase a memoria cos resultados do proxecto *Prospección arqueolóxica para Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Parque Eólico As Encrobas, (Cerceda e Carral, A Coruña)*, asinada en xuño de 2020 polo arqueólogo Cristobal Nodar Nodar. O documento presenta ficha individualizada dos bens culturais, cualificación de impacto e proposta de medidas correctoras.

Segundo este estudo documento, foron identificados na poligonal do parque eólico e nas súas proximidades un total de 10 elementos do patrimonio cultural: 8 de carácter arqueolóxico, 1 de carácter arquitectónico e 1 etnolóxico. Respecto ao elemento arquitectónico (Igrexa das Encrobas) e ao etnolóxico (Cruceiro das Encrobas) o arqueólogo non considera que exista impacto e non propón medidas correctoras de carácter específico para eles.

A valoración do impacto sobre os bens arqueolóxicos é a seguinte:

- **Xacemento Romano de Paleo (GA15021008).**- A obra máis próxima (a 259 m ao WSW) é a rectificación do radio de curva do viario de acceso ao parque dende o N, unha estrada asfaltada existente. Sen Impacto.
- **Cazoleta do Monte da Arca Aberta 1 (RE15021001).**- A obra máis próxima (a 80 m ao NW) é a rectificación do radio de curva do viario de acceso ao parque dende o N, unha estrada





asfaltada existente. Toda a zona está moi alterada, atopándose o ben no interior dunha parcela con peche perimetral. As obras non afectan á parcela. Impacto compatible.

- **Cazoleta do Monte da Arca Aberta 2 (RE15021002).**- A obra máis próxima (a 62 m ao SE) é a ampliación e rectificación do radio de curva do viario de acceso aos aeroxeradores EN-01 e EN-02, nunha estrada asfaltada existente. A obra proxectase pola marxe oposta da estrada na que se atopa o ben. A zona está moi alterada. Impacto compatible.
- **Monte da Arca Aberta (TO-01).**- Topónimo localizado nos planos do IGN 1:25.000 (a cartografía catastral non recolle o topónimo). Varias infraestruturas do proxecto sitúanse nas súas proximidades. A prospección arqueolóxica non evidenciou xacemento arqueolóxico. Impacto compatible.

As medidas correctoras propostas no Anexo 11 son as seguintes:

- Medida correctora xenérica: control e seguimento arqueolóxico das obras, na fase de replanteo e remoción de terras.
- Medidas correctoras de carácter xeral para o conxunto das obras en toda a área de incidencia do proxecto: comunicárase con antelación ao equipo de arqueólogos encargado das obras a localización de posibles zonas de acopios e préstamo, calquera obra non recollida na planimetría nin no proxecto e revisión pormenorizada de todo o replanteo previo ao inicio dos traballos.
- Medidas correctoras de carácter xeral para os xacementos: balizado de cada ben arqueolóxico, sinalización dos elementos do Patrimonio Cultural e as súas cautelas na planimetría de obra, prohibición de calquera remoción de terras non controlada nas contornas dos xacementos (estas deberán limitarse ao proxectado), control e seguimento de todas as remocións a realizar nas proximidades dos xacementos.
- Medidas correctoras específicas:
Cazoleta do Monte da Arca Aberta 1 (RE15021001) e Cazoleta do Monte da Arca Aberta 2 (RE15021002), ademais das medidas correctoras xenéricas, balizarase o elemento e o límite do viario máis próximo ademais, todas as obras para a adecuación do viario realizarase con control arqueolóxico presencial no seu ámbito de protección, no caso do topónimo **Monte da Arca Aberta (TO 01)** todas as modificacións do viario existentes realizarase baixo control presencial nas proximidades do topónimo.
- Como **documentación complementaria ao EIA**, a requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, achégase un estudo de impacto visual, no que se inclúen recreacións infográficas da afección do parque eólico As Encrobas sobre o Pazo de Vilasuso e o Pazo de Esperante.

Proxecto Sectorial

O proxecto sectorial estuda o ámbito de afección desde o punto de vista urbanístico e territorial. E ten como finalidade regular con detalle a implantación territorial do parque eólico.

- No apartado 3.5- *Protecciones arqueológicas*, e no apartado 3.6 *Resumen del Estudio Incidencia Territorial*, indícase que na revisión das proteccións arqueolóxicas presentes nos planeamentos dos concellos, non aparecen elementos arqueolóxicos afectados. Previo as obras realizarase unha prospección arqueolóxica para localizar calquera elemento que puidera verse afectado polos traballos de acondicionamento dos viarios. Levarase a cabo os balizados oportunos durante as fases de obras para evitar danos.
- O *Anexo I- Documento Ambiental*, en relación co patrimonio cultural remítese ao Anexo 11 do ESI.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o Plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que non existen xacementos arqueolóxicos que non fosen reflectidos na avaliación de impacto do patrimonio cultural, non sendo previsible que as obras do parque eólico os afecten. Porén, si existen bens integrantes do patrimonio cultural de carácter arquitectónico no ámbito de afección do parque eólico e no seu contorno próximo que se poden ver afectados pola construción do parque eólico e





en especial polo impacto visual que ocasionan os aeroxeradores debido á súa envergadura, chegando a medir 200 m a punta de pa.

- Cómpre resaltar a presenza de varios elementos senlleiros como son os pazos de Vilasuso, Esperante, Ribeira e As Cadeas, e as igrexas parroquiais das Encrobas, Quembre e Sumio. De entre os pazos do val do Barcia, os pazos de Vilasuso e Esperante serían os máis próximos aos aeroxeradores EN-01 EN-02 e EN-03, a unhas distancias de entre 700 m e 1.100 m. O estudo de impacto sobre o patrimonio cultural non tivo en conta a afección visual que a proximidade das máquinas pode orixinar sobre estes elementos. Porén, o promotor, aporta documentación complementaria consistente en dúas infografías, desde o exterior de cada pazo.

Da análise desta documentación, aínda que as infografías non mostra os puntos de vista máis desfavorables, pódese apreciar que a presenza dos aeroxeradores é moi relevante, cunha envergadura de 200 m, dos cales 127,5 m son de altura de fuste.

Asemade, o aeroxerador EN-04 levántase tamén moi próximo á igrexa románica de San Román das Encrobas, a menos de 800 m. Cómpre lembrar que esta igrexa xa fora trasladada do seu emprazamento orixinal nos anos 90 por mor do avance da explotación mineira e agora, no seu novo emprazamento, volve a estar afectada, neste caso polo impacto visual das infraestruturas proxectadas.

- Por outra parte, non se concreta nos documentos os accesos ao parque eólico fóra da poligonal desde a rede de estradas xerais, nin as actuacións que será necesario realizar para acondicionar eses accesos, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural (antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).
- Cotexados os datos e a planimetría do *Estudio de Impacto Ambiental del Parque As Encrobas, en el término municipal de Cerceda e Carral (A Coruña), mayo 2021* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico, mayo 2020 (P.I.A.)*, compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto.

INFORME

Á vista do exposto na análise da documentación presentada e nas consideracións técnicas, informo de xeito **favorable** os documentos *Estudio de Impacto Ambiental del Parque As Encrobas, en el término municipal de Cerceda e Carral (A Coruña), mayo 2021* e *Proyecto Sectorial Parque Eólico As Encrobas, mayo 2020, (P.I.A.)*, debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no Anexo 11 do EsIA, e **condicionado ao cumprimento do seguinte:**

- Deberase seleccionar un modelo de máquina que rebaixe a altura total de forma significativa, preferentemente reducindo a altura de fuste, co obxecto de reducir a presenza visual dos aeroxeradores e minimizar a contaminación visual sobre os elementos do patrimonio cultural mencionados nas consideracións técnicas deste informe. Como orientación indícase que se considera suficientemente significativo unha diminución en torno a un 10% ou máis da altura total.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identifícaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de





Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).

- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar apareladas o control arqueolóxico das mesmas. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos, avaliarase o impacto das obras e estableceranse as medidas correctoras oportunas. Así mesmo, deberá comunicarse inmediatamente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Asemade, os concellos afectados deberán incluílos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Os contornos de protección dos bens do patrimonio cultural, deberán quedar libres de obra nova relacionada co parque eólico.
- A partir dos resultados das actuacións arqueolóxicas e do traballo de campo a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- O Proxecto Sectorial deberá incorporar os resultados da prospección arqueolóxica que se recolle no Anexo 11 do EsIA.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Insua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e condicionado ao cumprimento do seguinte:

